

O 12 de Abril: Recuperación dos Concellos.

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

PROELES

Crisis de Estado

Autonomistas de Valencia e nacionalistas cataláns, vascos e galegos teñen iniciada unha intel-xencia, emproada en axuda mútua, cara a reivindicación integral dos seus respectivos pobos. Xustamente, agora, os antiautonomistas, con sagacidade estratéxica e táctica, concentran todol-os esforzos na defensa do réxime centralista baixo diversos rubros.

Pese a todo, a idea viva e popular dos primeiros, rematará por se impór ao pensamento politicamente libidinoso dos segundos.

Baixo a consigna d-un trastoque nos procedimentos de Goberno, nós matinamos tamén—non soio porque estémonos convencidos de afirmar a verdade, sinon, porque xugamos que é un expediente infalibel para aniquilar ao temido inimigo de mañán—na idea do Estado Federal.

Categoricamente, o Estado actual está en crisis: Dentro do seu marco xa non hai horizontes claros, nin se divisan vieiros certos. Compre que esta tremenda crisis se resolva fora das solucións históricas. Percisase sinalar na Iberia unha fase renacentista que troque por complotado a vida político-social dos pobos que a integran.

Por todol-os sitios xurden voces espeitantes de redención. Nós debemos ser antena vibradoira que recolla isas voces e as leve en clamor unisono por ante as congostras montesias e os penedos mariñáns, para que se revolvan pol-o cerne mesmo de Galicia, coma estandarte de cidadanía en que se atopen gravurados todol-os anxeios dispersos.

Temos chegado a un punto en que compre lanzarse animosamente á conquista d-ises novos e integrantes horizontes, si non desexamos voltar cara atrás. Hai que confesalo e repetilo con retórica de clarinada: D-eiqui en diante debe reputarse pol-os republicáns, que de nada serve o liberalismo e a democracia individual, sin o recoñecimento da personalidade dos pobos diferenciados. Que a rén conducen programas redentoristas e axeitados no senso da liberdade cidadán. Si as terras hispánicas teñen de seguir submetidas ao mesmo raseiro igualador d-un Estado centralizado que pol-a súa contextura actual, dice de tónicas favorables a un novo imperialismo peninsular.

Nós—n-ista etapa de Goberno que se inicia—denunciamos o perigo e sinalamos a obriga. Obriga que non soio indicamos sinon que constituímos en nosa completando a frase de Leopardi que preguntaba si era posibel a felicidade dos pobos sin a felicidade dos individuos. Nós lembramos esta frase, interrogándonos si pode ser a felicidade dos individuos, sin a felicidade dos pobos.

O Estado actual está en crisis. Busquémoslle no republicanismo unha solución: O Estado Federal. A Liberdade práns nacionalidades ibéricas.

Cataláns, vascos, galegos, valenciáns atoparían n-íl canle propicio para pór en marcha total-as enerxias autóctonas e un futuro limpo a que adicar os entusiasmos máis vivos de cada peculiaridade nacional.

A intelxencia derradeiramente iniciada pode ser a primeira pedra do novo andamiaxe político-social soñado.

FRANCISCO F. DEL RIEGO

ESCORZOS

Realmente, hai xente que non chegará a comprenderse—ou a comprendernos—nunca. Tal é a calidade das persoas que de un xeito que parece insólito, si non fose mal intencionado, pretendendo tutelar a actividade do Partido Galeguista. Co afán de pasar por moi tácticos, sinalan rumbos no ar, con xestos de eisprimentados cartógrafos, preadiviñadores das cousas que nunca haberán de suceder, dos feitos que endexamais terán realidade. Viven pra o infindo, pra o ultratrelúrico, sin relación causal co devir inmediato, onde as circunstancias deterministas van impoñendo a actuación correspondente e axeitada, por mor da lei procesal dos concatenados efectos.

Tamén nós pensamos no mañán. E, debidamente, sabemos que o hoxe ten unha categoría de prioridade no tempo, necesaria e fecunda. Si por querer ser demasiado trascendentes, arelamos furtarnos do actual e actuante, corremos o perigo de unha absoluta inmunidade. ¡Eis pois, unha terrible traxedia! A inmunidade biolóxica e a negación de toda a vida. Pro nós non imos pra místicos nin pra yoguis. Temos conciencia de unha Humanidade moi humán. E avencellados a ela, teimamos por melloral-a, docificando as súas mágoas, acariñando as súas angueiras, redimindo a súa forzada escravitude, tendendo a ela o apreixo xeneroso da nosa axuda.

A Humanidade, pra nós, escomenza en nós mesmos. E nós, somos o froito máis logrado da Terra, que é: cosmoxía, paisaxe, tradición autóctona,

proiección bio-evolutiva, destino histórico, reintegración étnica...

Por iso amamos profundamente o país natal, porque resume e concreta o modulismo da nosa ontoloxía. E seremos e sentiremonos sempre máis nosos, canto máis refundidos nos atopemos cos anxeios inmanentes da Terra. E recrearémonos máis persoales, canto máis adentremos na i-alma colectiva do noso pobo, converxente na aspiración suprema d-un futuro de inmortalidade, pol-o trunfo inmorredoiro das eternas esencias espritoales.

Pro a nosa Terra é Galicia. Dendes d-ela ollamos o mundo, cun xeito novo, distinto, inconfundibel.

E ollamos o mundo, nun senso actuante. Porque temos unha personalidade específica e diferenciada, aspiramos tamén a unha categoría. Nós queremos que a nosa voz matice a polifonía cultural do universo, co motivo temático da nosa autoctonía, armonizada, en comprensión colaboradora.

Por iso, somos nós. Por iso, tamén, somos europeos e internacionalistas.

Por iso, afirmamos: ¡Terra!

ROXERIU.



FENESTRA

Os monárquicos e as dereitas—tanto monta, monta tanto— tomaron o acordo de non intervir na loita electoral do día 12. A redor do acordo pódense matinar libremente encol das causas que o impulsaron. Calquera menos a oficial. A que elas dán como única. Porque esa non serve.

Pode ser que lle teñan certo pánico, xustificando, ao simbolismo da data. ¡Outro 12 de Abril! Pode ser una maniobra política a ver si fai o seu efecto. Pode ser tamén que por primeira vez, dada na súa historia as dereitas gozaran un intre de inspiración e cordura. Aos dous meses de recibir un descalabro electoral é natural que non se queira recibir outro. De todos xeitos coidamos estar no certo si decimos que antes de ser tomado o acordo pol-as dereitas tomáran xa o corpo electoral. O corpo electoral que pese aos caciquismos imperantes—e aínda non destruídos—cada vez se manifesta máis a súa firme vontade.

As candidaturas do Frente Popular no ván, pois, a ter con quen combater. Eso si nos atemos a oficialidade dos acordos e dos documentos políticos. Pero non é así... en Galicia por aí.

Aquí están xa aparecendo unhas candidaturas que se chamam de precupación e defensa dos intereses municipais localistas. Candidaturas cruñesistas, viguistas, luguistas, pontevedristas, etc. Formidabel inimigo co que non contaban os partidos do Frente Popular. Moito máis perigoso e difícil de vencer que si as dereitas non tomaran ese acordo e foran á loita.

Vencer a uns monárquicos, a uns cedistas, a uns radicais non é, hoxe, tarefa difícil. Pero vencer a un viguista, cruñesista, etc., é cousa que sinon imposible ten unha enorme cantidade de dificultades. E si ademais, como poidera suceder, baixo esa denominación escóndense os mesmos que acordaron, olímpicamente, non loitar con un rubro político, a cousa pode ter derivacións insospetadas encol do resultado electoral.

Vede un problema co que non contábamos. Un problema mercedente de meditación e de que se tomen medidas de precaución urxentes e rotundas. Non sei si a cousa ficará limitada a Galicia co que resultaría que os galegos temos unhas condicións insuperáveis que o mesmo Maquiavelo tería que envexar. Si fora de Galicia cumprese estrictamente o acordo abstencionista é porque os hespañoles son definitivamente inferiores aos galegos. Non saben d-estas cousas.

Si no resto de Hespaña sucedera o de aquí, o Frente Popular perdería, indefectiblemente, as eleccións. E aquí, en Galicia, si non se perden a cousa vai andar un pouco sería porque ¿cómo se pode vencer unha candidatura que, por exemplo, patrocine o «Centro de Hijos de Vigo»?—V.

TRIBUNA LIBRE

DESGALEGUIZACIÓN

Tremo ao estampar a verba dorosa. Mis compre ser francos coa verdade aceda a dura cando ela peta no impeitivo da concenza. Aínda estoupa a cauda de foguete festeiro dos discursos entusiastas. Vence o «bloqueo»—o tido é feio, indino d-un pobo lírico e saudoso de liberdade—, e co il, a política, ou polo menos unha política galeguista. Pro co trunfo electoral medra outra nova invasión na Galicia. E dende logo contra a Galicia.

D-enantes o monarquismo borbónico, e o liberalismo oficinesco. Non sei cal d-iles pior. Cecaís o segundo. Agora o ezquerdismo ibérico. Un novo espellismo engaiador. Quer trocar o labrego en proletario e levar ao agro eternamente xoven a enrugada concenza tecida de refugallo de mitin e folleto das xentes «deracinés» das rúas das vilas.

Ha pasar esta onda. Máis é doroso que chegue amparada por unha política galeguista.

Rebelría

Un gran poeta, unha senlleira individualidade superior—penso aresora en verso pondaliáns—tén dreito incruzo á rebelría sistemática. A xente e os escritores e oradores que teiman guiar á xente, non. Poderíanse atribuíre maliciosamente ao desexo bastardo dos aplausos. Hai de sentir e levar ás xentes a sensación e a forza podente das grandes leis construídas. Hai de ter honradeza na promesa, craridade perfecta no feito, e a virtude de calar e sementar no silencio.

Penso que se abusa demais da rebelría. Menos mal si éla adocriña a se rebelar contra meirande tiranía, a que fará esquencer todas as outras: o marxismo.

Política miuda

O Partido Galeguista tén na súa pureza un dereito inembargabel ao respecto de todos. E a pureza non debe ter presa. Sempre foi a impaciencia a maor inimiga das virxindades. E con impaciencia sen dúbida ben intencionada si na política foran disculpábeles as impaciencias, o Partido Galeguista esmalta con nomes seus as gestoras criadas na trúbida atmósfera dos gobernos civís, nas tertulias dos poncios alleiros.

E abonda de comentarios por hoxe. Chega á España Bela Kum. Os que non van chegar por estes vieiros nos «os tempos» raiolantes do noso himno petrucio.

R. OTERO PEDRAYO.

DO MOMENTO

As eleccións municipais

O 12 de Abril—data simbólica—vanse facer as eleccións municipais. A pesares da retirada das dereitas non por eso perde intrés en Galicia o seu resultado. Intrés que si non está no desenrolo de unha loita electoral o está na necesidade imperiosa de que os nosos Concellos se constituían de unha maneira definitiva que faga desaparecer a interinidad e anormal funcionamento en que viñeron desenrolándose nos dous anos derradeiros.

Nunca poido ser desconocida para nós, galeguistas, a enorme importancia que teñen os Concellos. Pero agora por virtude da nosa intervención nos Comités do Frente Popular estamos ollando de maneira exacta a súa extraordinaria importancia.

Aos Comités veñen a cotío comisións locais a expoñer unha longa ringleira de problemas de orde político e administrativo que obrigan a que nós, galeguistas, adiquemos á custión unha atención casi preferente.

A administración municipal en Galicia está feita un verdadeiro desastre no que hai que intervir. Unha enmarañada legislación, na maor parte das veces inaxeitada ás características do noso país, anda a producir e crear gran cantidade de problemas que dificultan de xeito extraordinario a normal marcha e progreso da nosa vida administrativa.

Si a esto engadimos as cousas de carácter político como son a laboureira que deixaron en herdo os xestores radicais e dereitistas, a inxerencia nos Concellos do caciquismo tradicional e aínda máis a absurda división municipal, é un deber noso o atender a esta custión capital para o desenrolo de unha Galicia renovada e millorada en todol-os seus aspectos.

Estas eleccións ván ter a ventaxa, moi importante, de que por fin se normalice a vida municipal no seu aspecto de permanencia de conce-

llaes eleixidos pol-a vontade popular. Paralizada a vida concellil polos troques de xestores verificados nos anos derradeiros é agora cando poden os nosos Concellos endeitar a súa vida e chegar á necesaria normalización.

Como a eles, na súa maor parte, irán representantes dos partidos políticos do Frente é de supoñer que a súa actuación futura axude a poñer orde en tal desbaraxuste. Pero non abonda con eso.

Era mester, tamén, que aos nosos Concellos fosen homes de competencia e autoridade política que se dispuxeran a efectuar unha laboureira prodoitiva a prol dos intereses locais.

E tamén que eses homes tiveran o convencimento do urxente que é que a vida municipal en Galicia ourentese por vieiros máis axeitados ao que en realidade é a vida específica de Galicia n-ese aspecto.

Queremos ter certa confianza en que este primeiro paso cara unha obra fecunda se cumpra, en gran parte, coas eleccións.

Despóis ten de ser un deber noso, dos galeguistas e dos que coma nós reconozan a necesidade de farcer as reformas que n-ese orde son percisas, o dispoñerse a conquistar para Galicia unha lexislación axeitada á nosa terra.

E non hai outro camiño que o da autonomía. Unha Galicia autónoma sería a única capaz de facer esa trascendente reforma que facilitaría o conquero de gran cantidade de cousas de urxencia e capital importancia. Para facer unha nova Galicia e lograr un maor rendimento dos Concellos galegos a prol de infindas materias que non poderán ser desenroladas si non é despóis de unha transformación pensada, obrigatoriamente, nos intereses locais e xeneraes de Galicia.

VICTOR CASAS.

ANTON VILAR PONTE

Ribeira de outos bidos enramada en arela de ríos e de pontes, floriu auga de sono en ermas fontes para os ledos muiños da alborada.

Aceña de saudades! Outa escada levantarás de alaudas sobre os montes para salvar a dór dos horizontes i-enchelos de vieiros de rosada.

Agora xa és herbiña e flor de liño. De verdade ribeira de espadanas. Nós, illa enredomada que ela encerra.

Tecei, tecei agora paseniño a súa tea de sonos, tecelanas que é o branco veo de noiva da súa Terra.

Aquilino Iglesias Alvarinho.

ABRENTE

O mar Atlante, chegou a Galicia, achou na súa beira o simbólico pino, faloulle das terras que son irmáns das nosas: Da verde Eirín, asoballada sempre; supersticiosa Armórica, Cornubia e máis Scotia, de Cambre e illa de Man, e díxolle os doores que sofren todas elas, que por ser celtas, asoballadas son; contoulle os seus costumes semellantes ás nosos; que se ergueron valentes, defender seu honor..., e unha noite de lúa, meiga como Galicia, foloulle ao pino o vento, e díxolle tamén: Percorriñ todos pobos, d-esta bela nación, e vin, fames sin conto, sofrimentos terribres, dos galegos tan bós, que cal ovellas viven, recibindo mil paus, e que poñen as costas, pra que lle peguen máis, mentras á súa conta, viven outras nacións, que non traballan ren, e que comen millor...

E dende entón o pino, coa súa voz misteriosa, falábanos das dóres, d-esta terra adourada, e nós, como si non.

E n-outras noites en que aparece a lúa, o mar e vento xuntos, dílle ao tristeiro pino:—Canto sobre esta terra, onde naceches ti!—Xa o sei—dílle el con tristura,—de pena son as bágoas que caen sin cesar, cando esto en saloucos, as miñas probes, pol-as, escápanse de min, xa cansas de chorar.

O que vós me dixéchedes, repitoo todol-os días, e ninguén quere ouvir, a miña triste voz... Soilo de vez en cando, xunto a min úns poetas, recóstanse na herba, e pónense a escoitar...

¡Dende hoxe, amado pino, non soio ti as chorar, axudaremos nós, teu tristeiro cantar! E de día e de noite, ouvíronse tres voces, que decían das doores de todol-os irmáns, que choraban xuntiños, as desgracias da Terra, sin que ninguén quixera, ouvir seu saiaiar...

Pro unha serán, un poeta namorado da Terra, escoitou os salaios das tres veces chorosas, e todas comprenden. Inspirado por elas, escribiu belas liñas, que a todol-os galegos, os facía

chorar. E así foise estendendo o amorciño á Terra, que temos todos nós; os anceios xigantes, de recobrar valentes, a liberdade roubada, por Reises a traición...

Fumos nós xunto os pinos, ouvímonlle o cantar, que tristeiro decía: ¡Galicia sofre moito! ¡Mastra que sexa libre seus doores, n-han calmar!...

Por iso, comprendendo que o «rumoroso pino», falaba pol-a Terra, erguémonos valentes, e berramos, encheitos nosos peitos de anoto ¡Galicia libre, e si non, nós mortos!...

MANUEL FABIRO GÓMEZ.

Muros, Marzal de 1936.

FOLLAS NOVAS

Libro de divulgación sobre Avicultura y Cunicultura

Anxel Fernández Posada (anel de Cambeses) acaba de publicar un librillo de cincuenta páxinas cuio título encabeza estas liñas. Trátase, como o título indica, d-uns cantos consellos que o autor dá aos nosos labregos encol das materias sinaladas. Consellos de enorme utilidade avalados por quén, como Anxel de Cambeses, domina á perfeición o tema por lle ter adicado tempo d-abondo para o coñecer fondamente.

O autor reúne, ademais, o mérito de ter feito está obrilla en aras xenerosas e altruistas de contribuir ao perfeizamento de tales cultivos sin ánimo de lucro nin outra mira de carácter persoal.

Leva o libro unha portada simbólica cruzada con unha franxa azul en forma de bandeira galega e un interesante prólogo debido a Cruz Gallastegui motivo de máis para lle dar unha nova autoridade a este traballo por todos conceptos meritório.

Anxel de Cambeses fíxonos o agasallo do seu envío que agradecemos fondamente felicitando ao autor e confiando en que o seu traballo rinda a eficacia que inspirou a súa publicación.

Charamuscas

Estaba visto. As actas minoritarias de Pontevedra foron aprobadas. Si Emiliano non se metera pol-o meo quén sabe si aínda a Comisión houbera tomado outro acordo. Pero é que ademais de non haber razóns legais para a súa anulación abondaba a presenza de Emiliano para reaccionar en contra.

Por certo que o Emiliano non atopou nin un soio candidato contrario que refutara as cousas que él dixo.

Escoitárono como quén ouve chover.

As actas de Ourense foron anuladas. Si me acordades o segredo direivos que a Comisión tomou ese acordo abrumado pol-o ataque de Bóveda que mobilizou toda a súa artillería.

¡A ver quén se resiste!...

As eleccións alemáns ganounas Hitler. Non o poñades en dúbida. Ganounas Hitler.

Votou o 98 por cento do Censo. En Hespaña sería esa precisamente a razón máis poderosa para anulalas.

Pero en Alemania, agora, hai unha cidadanía tan exquisita que se pode dar ese feito.

Calvo Sotelo quixo facer en gran cantidade de colexios electoraes de Ourense o mesmo que fixeron os nazis en Alemania. Mobilizar de maneira tan unánime o corpo electoral.

Pero como aquí non estamos aínda afeitos a tal unanimidade... velahí.

Decididamente para que haxa cidadanía ten que haber dictadura. A única contra é que aquí tamén tivemos dictadura pero entón non había eleccións.

Lembro un dito toureiro que di que para ser un bon «toreador» debe quitarse el antes de que o quite o touro. Isto foi o que fixeron as dereitas coa abstención electoral.

Quitarse elas para que non as quitaran os electores.

Gil Robles iba, nas eleccións de deputados, «a por los tres cientos». Resultou que os tres centos sairon pero foron do Frente Popular.

Agora si que nas municipais podía conquistar os tres centos concelleas en toda Hespaña.

Non sei si a abstención será tamén para que non se lle seipa que nin siquera tres centos concelleas podía sacar n-esta contenda.

As eleccións municipais van algúns señores «independientes», Comodin máñico para aplicar a calquer xogada que conveña.

Levan como lema aquel de «menos política y más administración».

Lema revellido o descretado porque tamén durante a dictadura a utilizaron e xa se veu que non somentes fixeron unha política noxenta sinou que ademais o que atingue á administración deixaron os Municipios-empañados para toda a vida.

AMARO DE VILAMELLE.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado FLETAMENTOS,

CONSIGNACIÓNS, TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO APARTAMENTO NÚM. 3

As eleccións municipais en Galicia teñen a enorme importancia de poder normalizar a caótica situación dos nosos Concellos por virtude da etapa radical-cedista.

O Frente Popular debe ter esto en conta e nomear para os Concellos xentes de reconocida autoridade e competencia.

TRIBUNA LIBRE

Cara unha nova Galicia

Iste vrán dende istas columnas, publiqui un traballo encol do Socialismo e Galeguismo, é decir; a tendencia que deberan seguir ambos credos políticos, hasta ver imprantada a súa doutrina. Entón demostramos de unha maneira evidente, que o camiño a seguir terá que ser de un senso esquerdistista. Dentro da nosa Galicia, nunca alcanzaremos os galeguistas as xustas reivindicacións que ansía a nosa Terra, se confiamos n-unha política de dereitas. Aínda máis pensamos que por ista volvería outra vegada o noso pobo a caer n-un réxime de tributo e rendas aos señores, coma na época medieval.

En canto o Socialismo, fai pouco tivemos de facer a crítica d-unha obra de un gran marxista: Lenin. «El Estado y la Revolución». A parte as ensinanzas recollidas n-iste libro, e outros traballos que sucesivamente publicarei, sacamos a consecuencia de que a roita a seguir, terá que ser de indole marxista revolucionaria. A táctica reformista non é posíbel hoxe, que cada cidadán ten un garda de cada clase, e o senso común máis elemental demostranos, que ningún dos que na sociedade actual disfrutan unha situación privilexiada, vaia a rescindila no traballador, que é o que legal e moralmente ten dereito a disfrutar unha situación privilexiada.

Nun e noutro réxime político, imponse que para chegar a imprantación súa, é mester facer saltar en mil anacos a máquina burocrática actual, de tal sorte que os burócratas non ganen máis que calquer traballador do campo; que cada ún rinda según a súa capacidade, que cada un teña según as súas necesidades. Chegado este día o estado de cousas actuais, esfumárase desaparecendo ese antagonismo de crás, e a moderna sociedade voltará a disfrutar todas as condicións d-un antigo dereito de xente. Ninguén tera nada, pero tampouco lle fallará nada a ningún traballador. Entón desaparecerá o roubo máis grande, que según Proudhon é a propiedade, e isa serie de lacras que trouxo o modernismo: luxo, envexa, avaricia e miseria.

No recente proieito de reforma do programa no partido socialista obrero español, presentado a Asamblea da agrupación socialista madrileña, pol-o novo comité para discutir no próximo congreso do mesmo, mostra que de triunfar vería a colocar o Socialismo español, no máis alto nivel doctrinal, as rexións hespañolas lograrían todas as reivindicacións, d-unha maneira automática por que loitan dende tempos antigos, e que vería a colocar a península Ibérica, n-unha confederación de nacionalidades independentes. Acabando por outra parte co feixismo que por ser un fenómeno de tipo retardatario representa un retroceso de séculos na historia da humanidade.

No punto atinente deste proieito a políticas, determina que Hespaña será unha confederación de nacionalidades Ibéricas, incluso o actual protectorado de Marruecos, se lle recoñece o dereito de autodeterminación política, en todo instante deica a súa independencia. Supresión da lingua oficial obligatoria do Estado, e igualdade de dereitos en todas as linguas que se falen dentro de confederación Ibérica.

Veleiqui a cláusula dun proieito, que debía figurar estipulado nos estatutos de todol-os partidos poli-

ticos, fosen da tendencia que millor lle conviñesen a súa ideoloxía. Deste modo logrado o poder, verían a libertar as rexións que compoñen unha nación, dun poder centralista que nunca poderá legislar con arreglo as necesidades rexionales. Por ista causa somos os galegos un pobo tributario, sin que teñamos outra condición máis que pra cubrir un imposto da facenda, que equivale a tanto como roubarnos o suor, deixándonos envoltos no esquecemento e miseria máis vergoñenta, e antihumán que non se dá na escala zoolóxica.

Non recordo agora en que tempos Galicia, non tivo representación parlamentaria, e en nome noso falaban os deputados doutra rexión. Ista tutela que nos colocou n-unha inferioridade nunca é disculpabel, e soio a causa o poder centralista.

Hoxe é forzoso recoñecer que estamos n-unha evolución perenne, e que unha nova forza vennos impulsando detrás: as mocedades galeguistas que co a violencia de xuventude, ha de facernos trunfar.

Nista hora ser galeguista nun senso revolucionario, é unha obriga imposta pol-as nosas necesidades, que temos que cumprir na hora presente, si qu-remos crear unha patria forte e libre.

AGUSTIN BALADRÓN.

GRUPO DE COBAS E TRIÓS

En xuntanza xeral feita por este Grupo, foi eleixida a seguinte xunta directiva:

Presidente, Gil Fernández Formoso.

Vice: Antón Gómez Penín. Segretario: Eladio Asenjo Lodsada.

Vice: Victorino Pato Moure. Tesoureiro-Contador, Antón Fernández.

Vocaes: Xosé Rodríguez Laso, Darío Fernández Novoa e Antón Rodríguez Levides.

GRUPO DE VILAGARCIA

No día 12 do corrente celebróu xuntanza iste Grupo para estudar a derradeira circular do Partido i-eleixir a nova directiva. Esta quedóu composta pol-os seguintes irmáns:

Presidente, Dámaso Carrasco; Vice, Xesús Garrido; Segretario, Luis Bouza Brey; Tesoureiro, Leopoldo Sampedro; Vocás, Xosé Moreira; Benigno Saavedra; Luis Villaverde e Antonio Vicente.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Asociación de Escritores de Galicia

Celebrouse o domingo en Santiago a xuntanza anunciada para constituir a Asociación de Escritores galegos.

Asistiron a esta Asamblea López Abente, Blanco Torres, Jacinto Santiago, Filgueira Valverde, Bouza Brey, Pedret, Barreiro, Lustres Rivas, Sigüenza, Paz Andrade, Arias Sanjurjo, Torres Quiroga, Leandro Carré, Frade Giraldez, San Luis, Santiso, Alvaro das Casas, Posada Curros, Juan Jesús González, Aydillo, García Barros, Martínez Morás, Taboada Tabanera, Iglesias Alvario, Carballo Calero, Baladrón, Del Riego, Roxerius, Cuadrado, Conde, Odaglas e Rey Alvite.

Recibíronse entre outras adhesións as de Osorio Tafall, Quintanilla, Taibo, Nogueira, Martínez Pereiro, Santos Bugallo, Lozano, Víctor Casas, Rodríguez González, Dafonte, Mantega, Adelardo Novo e Núñez Búa e unha moi entusiasta de Otero Pedrayo.

Despois de un saúdo do noso irmán Casal como alcalde de Santiago, Alvaro das Casas en nome da Comisión organizadora explica como xurdeu a idea de crear a Asociación e a finalidade que terá.

Ocupa a presidencia Blanco Torres quen agradece a designación con verbos de fonda i-entusiasta galeguidade.

Con breves modificacións apróbase o Regramento. Unha das variacións consiste en chamarlle á Asociación de Escritores de Galicia.

Tómase diversos acordos dos que reseñamos os máis importantes:

Que o Concello de Santiago conmemore no ano vindeiro o centenario do natalicio de López Ferreiro trasladando as súas cinzas á igrexa de Santo Domingo onde están as de Rosalía e Brañas.

Dirixirse ao Concello da Cruña para que erixa un moimento no que se garden as cinzas de Curros, Chané, Pondal, Murguía, Vilar Ponte, e outros galegos ilustres que repousan no cemiterio cruñés.

Solicitar do Ministerio de Instrucción Pública a creación de cátedras de idioma galego, con carácter obrigatorio, nas Escolas Normales e unha de Lingoa e Literatura galega na Universidade compostelán.

Que as toponimias e nomes de vilas, aldeas e cidades de versión castelán difícil ou imposible, e en xeral a nomenclatura xeográfica de Galicia sexan nos mapas e documentos oficiais as de uso corrente e tradicional no país.

Adoptar medidas encamiñadas a que con toda brillantez se celebren no ano próximo os centenarios de Rosalía Castro, López Ferreiro e o do Renacemento galego.

Constituír un Comité do Libro galego encargado de orgaizar unha exposición.

Apróbase tamén unha proposta de Filgueira Valverde para solicitar do Estado a adquisición de libros galegos con destiños as Bibliotecas escolares que funcionan en Galicia.

O alcalde de Santiago obsequiou aos asambleístas con un banquete no que faláron Blanco Torres e López Aydillo. Antes unha comisión visitou ao señor Alvarez Limeses enfermo en Santiago e a campa de Valle Inclán na que depositaron frores.

Pol-a tarde elixiuse a directiva que ficou así constituída:

Presidente, Gonzalo López Abente. Segretario xeral, Alvaro das Casas. Idem de actas, Del Riego. Vocaes: Julio Sigüenza, Blanco To-

rres, Martínez Morás, Santos Bugallo, Iglesias Alvario e Lustres Rivas.

Como representantes da Asociación en diversos pobos foron designados os seguintes:

En Madrid, Alfonso Castelao; en Barcelona, María Luz Morales; en Bós Aires, Eduardo Blanco Amor; en Ourense, Otero Pedrayo; en Pontevedra, Roxerius; en Lugo, Anxel Fole; na Cruña, Plácido R. Castro; en Vigo, Posada Curros; en Santiago, Santiso Girón; en Ferrol, Carballo Calero; en Vilagarcía, Lisardo Barreiro; en Tuy, Torres Quiroga; en Mondoñedo, Alvaro Cunquero e na Estrada, García Barros.

Derradeiramente tomáronse outros acordos sendo os máis importantes os que se refiren aos homaxes a Vilar Ponte e Anxel Casal. Para o primeiro «El Pueblo Gallego» declarou aberta unha suscripción que encabeza con cinco centas pesetas.

Esto foi en liñas xeraes o que a Asociación comenzo a facer na súa primeira xuntanza.

Como xa dixemos, agardamos moito da súa laboura na que as ringleiras de A NOSA TERRA están dispostas a colaborar.

Novos Grupos galeguistas

Pol-a Oficina do Partido foron dadas as pertinentes instrucións para se constituír e despachados xa os primeiros carnets dos novos Grupos seguintes:

A Guardia, que conta xa con máis de cincuenta irmáns. Neste novo Grupo acordaron agruparse os republicáns de esquerda que viñan actuando na vila.

Antas de Ulla, con uns trinta irmáns.

Bastavales, que conta xa con gran cantidade de afiliados.

Palas de Rey que ademais anda a constituír varias delegacións no Concello.

Sobor, con delegacións en varias parroquias.

Algúns d-estes Grupos xa teñen aprobado o seu Regramento no Goberno civil e os restantes están procedendo a súa confección.

Están en contairo coa Oficina elementos galeguistas de Boiro, Chantada, Barro, Melide e outros que non tardarán en ficar totalmente constituídos.

O Grupo da Estrada está realizando unha intensa laboura de proselitismo e constituindo delegacións en todas as parroquias do distrito.

O Grupo, xa moi numeroso, de Ponte de Mera aumenta as súas delegacións parroquiaes e ven preparando a formación de Grupos en Cariño e Pontes de García Rodríguez.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Traballos de Encuadernación
Facer os encargos na Imprenta
LA POPULAR.— Charino, 7

En lembranza de Vilar Ponte

A F. M. G., de Santiago acaba de publicar un folleto en homaxe de Antón Vilar Ponte no que recolle sete artigos de orientación nacionalista do chorado irmán.

Este folleto está sendo profusamente espallado por toda Galicia.

Felicítamos a F. M. G., de Santiago pol-a súa idea que imitarán tamén outras Mocidades galeguistas.

...

A suscripción iniciada na xuntanza da Asociación de Escritores de Galicia, para erguer un busto nos xardíns cruñeses en lembranza de Vilar Ponte está aberta e comenzáronse a recibir as primeiras cantidades.

As aportacións deben enviarse, urxentemente pois querease inaugurar en Setembro, aos xornaes «El Pueblo Gallego» de Vigo as de Pontevedra e Ourense e a «La Voz de Galicia» as de A Cruña e Lugo.

...

Aquilino Iglesias Alvario, o noso irmán e poeta, publicou unha cartulina belamente editada contendo tres poemas adicados a Manuel Antonio, Amado Carballo e Vilar Ponte.

Esta derradeira publicámola neste número.

Fondo electoral

Luis Villaverde, 5'00. pts.

Xesús Garrido, 5'00.

Antón Vicente, 5'00.

Luis Bouza Brey, 5'00.

Dámaso Carrasco, 5'00.

Xosé Moreira, 5'00.

Claudio Pérez Prieto, de Ribadeo 5'00.

Constante Fernández Cancio, de id. 10'00.

Antón Rodríguez Fernández, de id. 10'00.

Xesús Pulpeiro, de id. 5'00.

Xosé Fernández Vidal, de id. 2'50.

Agustín Rodríguez, de id. 1'00.

Francisco Rodríguez, de id. 1'00.

EN BUEU E BELUSO

Dous mitins do Frente Popular

O domingo derradeiro celebráronse en Bueu e Beluso dous mitins de propaganda electoral orgaizados pol-o Frente Popular.

A un e out-o acto concurriu gran cantidade de xente que encheia os locais enteiramente.

Faláron n-eles pol-os socialistas, Edelmiro Dios; por I. R. Echevarría Nóvoa e pol-o Partido Galeguista, Víctor Casas.

Examinaron diversos aspectos da política do momento facendo referencia ao derradeiro triunfo conseguido pol-o Frente Popular e propunndo un novo nas eleccións de concelleas. Atacouse fortemente o caciquismo local e foron tratados algúns problemas particulares do Concello de Bueu.

O irmán Casas, ademais, fixo un chamamento a prol da necesidade de conseguir a autonomía de Galicia pol-o plebiscito que oportunamente será convocado.

Foron fortemente apraudidos os oradores, resultando un acto que agardamos exerza influencia no resultado electoral.

A Emiliano xá o botamos de Pontevedra.

A Calvo Sotelo augurámoslle o mesmo en Ourense.

Ainda quedan algúns máis que compre ter de ollo.

RONSEL

As disposicións recentemente dictadas pol-o Ministerio de Instrucción Pública, teñen unha sinificada orientación republicán e responden a un concepto de diñificación do ensino e de outa categoría cidadán pol-o que respecta ao persoal de docencia primaria. Nós, como republicáns, non podemos sinón apraudir a laboura que n-ise senso ven facendo con tanto acerto e con tan prestixiada competencia, o señor Domingo, acreditado talento que se inspira sempre en elevados motivos de idealidade e que téno propósito decidido de ir a renovación d-iste estado de cousas e á transformación total de eistructura social e cultural da Hespaña.

Pra nós, como galeguistas, quixéramos tamén que don Marcelino Domingo, fervoroso autonomista que tivo unha actuación tan destacada na aprobación do Estatuto de Cataluña—e a patria irmán—chegase a preocuparse pol-a realidade de Galicia e se resolvese a dictar disposicións encamiñadas ao recoñecemento da nosa cultura autóctona protexendo aquelas institucións que permiten o recrear da nosa personalidade.

Os motivos que fundamentan estas nosas consideracións, son razóns e múltiples. Galicia, en canto ao ensino, vive totalmente divorciada das súas esencia primarias e sustantivas. As nosas escolas veñen funcionando co-a imposta de un plan uniformado, que pra nada ten en conta as características de ambiente, e, pol-o tanto, terá de estar desplazado dos intreses biolóxicos do neno.

Nos casos óptimos, o Escolante, que se botou a andar pol-os camiños mediativos da Pedagogía e que chegou a descubrir os panoramas anovados d-ista ciencia, podería modalizar o seu traballo escolar co-as normas correlativas o feito difinencial da localidade onde exerce. Pro isto, sempre d unha maneira eistra-oficial, personalísima. Do mesmo xeito, as nosas Esco-

GALEGUISTA:


Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despois de o ler o deixas na barbeira, no café ou na sociedade a que adoites ir ou o reexpides a algún amigo.

las Normales, os nosos institutos, non teñen nexos algún cos temas económicos i-espritoaes que emsamblan e coordinan a nosa vida específica. Nin cadeiras de lingoa galega, nin ensinos agrícolas, nin estudos de economía rural, nin ren. En troques, outros países, mais centifios e positivistas—ou pragmatistas—sosteen incluso Escolas Normales Rurales, onde se forma o profesorado que ha de ir despois a encargar das escolas campestres, pra que o ensino n-elax sexa verdadeiramente fecundo.

Da Universidade non coidamos preciso falar. A laboura que se pode chegar a facer dendes aquel outo centro docente, en beneficio de Galicia, é inmensamente productiva e non se lle escape a ningún.

¿Conqueriremos algo do Ministerio de Instrucción Pública?

FALCOEIRA.



FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construcións

ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1675

GALEGOS: Consumide CHOCOLATE fabricado en Galicia. Así defenderedes a economía da nosa Terra.

Chocolateiros galegos: Para defender os vosos intereses, os da vosa industria e os da nosa Terra, non debe haber ningún que non pertenezca a

Asociación de Fabricantes de Choclates de Galicia

Redacción-Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
.....
SUSCRIPCIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.
.....
Número solto: 15 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX

Galicia, 3 de Abril de 1936

Núm. 408

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

Verbas de Antón Vilar Ponte

Lembranza...

Cando vos falen de Sagunto e Numancia, lembráivos do noso Medulio...

Cando vos falen dos comeneiros de Castela, das «germanías» de Valencia e das revoltas catalanas, lembráivos dos nosos irmáns que s-adiantaron o movemento agrario ruso en cinco séculos...

Cando vos falen do século d-ouro das letras casteláns, lembráivos da hexemonía da lírica galega imposta en toda Iberia á que trouxo a delicadeza e a finura espritoal...

Cando vos falen de Cisneros, lembráivos de Gelmírez.

Cando vos falen da cultura castelá, lembráivos de que Galicia tivo a primeira monarquía peninsular, a primeira música, a primeira traxedia teatral, o primeiro centro marítimo, a primeira escuadra, o primeiro xornalista (o P. Feixó), a primeira arquitectura propia, os primeiros humoristas e ensayistas... e que nosa língoa, fixada groirosamente na «Crónica Troyana», foi ou nai, ou nodriza, ou amas las cousas, da de Castela e Lusitania...

Cando vos falen de relixión, lembráivos do cristianismo, chegada á península pol o noso chán, de Santiago, de San Rosende, de Prisciliano, de Pedro de Mezonzo, autor de «Salve», das lédas místicas do Cebreiro, de Afonso o Sabio que fixo as primeiras cantigas á Virxe no noso idioma e pidía que na súa tomba solo cantasen trovadores galegos...

Cando vos falen de a-istocracia, lembráivos de que a primeira aristocracia ibérica naceu no chán galego.

Cando vos falen da unidade nacional, lembráivos de Pardo de Cela, encarcea lo a treición e das derrotas da escuadra castelán en augas nosas, pol-as nosas forzas...

Cando vos falen de Agustina de Aragón, lembráivos de María Pita...

Cando vos falen de guerrilleiros, lembráivos de Quiroga e dos de Ponte Sampayo...

Cando vos falen d-amore á liberdade, lembráivos dos mártires de Carral que declararon nula a obediencia ó goberno de Madrid...

Cando vos falen do valor castelán, lembráivos de que Wellington cantou o xenio, a nobreza i-o heroísmo dos galegos...

Cando vos falen d-ideias autonomistas e nacionalistas, lembráivos que na Galicia Faraldo, Brañas e moitos máis, foron os precursores d-aque as, enantes que vascos e cataláns, na Iberia...

Cando vos falen de romanticismo poético, lembráivos que Pastor Díaz foi o único romántico hespañol e o único que cultivou a balada en castelán...

Cando vos falen da lírica do século XIX, lembráivos de que Rosalía foi o millor poeta da Península...

Cando vos falen da vosa mansedume, lembráivos que sodes irmáns pol-a raza dos irlandeses subrímes e que finaredes xurdindo o mesmo qu-eles.

Cando vos falen de cencia, lembráivos de que López Seoane, Colmeiro i-o P. Merino, foron galegos...

Perguntar logo os patrioteiros «del regionalismo sano y bien entendido»: ¿qué lle debe Galicia á Hespaña castelán? I-a ver se vos son capaces de probar que lle deba algo como non seían os aldraxes contínuos d-end-os tempos de Gelmírez.

E ós partidarios da Hespaña centralista actual, preguntáilles si esta é outra cousa que a ditadura d-un Estado (col-a que hai que acabar, como dixo agora o alcalde de Valenza) en preno fracaso i-un feixe de monopolios odiosos económicos e políticos.

Anulación das actas de Ourense

Como supoñíamos, o Congreso acordou a anulación das actas de Ourense que na concencia de todos estaba terían este remate.

A cantidade de probas moraes e materiaes que os candidatos Martínez Risco e Bóveda aportaron diante da Comisión non deixaron lugar a dúbidas. Os que xa conosciamos parte d-elas tiñamos a seguranza que, en verdadeira xusticia e lóxica tiñan de anularse.

A resolución do Parlamento ven a facilitar o derrumbamento do caciquismo tradicional ourensán. Un caciquismo de diversos matices intolerabel dentro de unha República como a actual.

No intre en que se sinala a data da nova elección confiamos en que ese caciquismo ficará ferido de

morte para sempre e os candidatos do Frente Popular serán elexidos xustamente.

Pol-o que atingue a nós, como Partido, ademais de poder conquistar a liberación política da provincia temos confianza tamén en que o noso irmán Bóveda, que na súa actuación acadou proselitismo grande para él e para o Partido, será diputado aumentando así a nosa representación parlamentaria n-este intre en que a nosa autonomía será un feito.

De toda Galicia irán a Ourense a traballar a elección e facer unha intensa propaganda representantes dos partidos do Frente. Os Grupos galeguistas desprazarán un bo número de irmáns aos que acompañarán tamén os nosos deputados.

Estetóscopo

Ahi tendes a democracia galega; o máisimo fenómeno relixioso da democracia galega: As actas de Ourense. Ise, que, por opinado e actual, somella ás xentes un mirage, unha ilusión. E parecíalles unha fantasía, sinón estivesen ~~un millóns~~ de votos que arrastra Ramos Cerviño. E e os cortexos a lexións que arrastra Pepito Calvo, tras si, con paso cadencioso, misterioso, progresor e decidido de marcha. Por elo, o o informe con que Calvo Sotelo defendeu na Comisión de actas, á cidadanía ourensán, comoveu deica os cimentos do corazón a todol-os membros da mesma. Alah é grande e absoluto. Léde os seus mandados no Corán. Milleiros de aluminareos coma lanzas de Mahoma, de Abderramán, de Solimán, o predicán deica Europa. Xa Pepe Benito—ollos verdes de cacique, as armas dos sus ollos e dos seus desexos—non terá o moimento que lle debe a Galicia democrática. Xa Emiliano Iglesias é unha entelequia na danza epiléptica da aritmética electoral.

Pepito Calvo (Fausto e Prometeo) a cabalo sobor do mundo das tebras, na búsqueda da luz, como a águia, axunta n-un taboado exemplar a todol-os Césares loiros das dinastías caciquies na circunscrición ourensán.

Eiscusádeme si co iste método taquimetafórico, rápido, quero conducirvos a unha urxente conceición da Filosofía calvosotelista. Máis a teofanía da política galega así o require. Milleiros de votos nas Constituintes. Milleiros de votos nas eleccións do ano trinta e tres. Milleiros de votos na loita electoral presente, logo Pepito Calvo, Ramos Cerviño, Taboada, Amado Villardevet... con dous ou tres alaridos que lles ruben da súa máis fonda ralz, encarnan a querencia íntima de todo un pobo que os quere a eles por únicos i-exclusivos persoeiros. Todo o é Deus, Mahoma o seu profeta. Léde as cento e catorce suras. Xa Pepe Benito non é o Moloch dos caciques que chega coas súas fauces deica os máis escondidos recantos da circunscrición lucense. Xa Emiliano non é o vello. Jahveh cruel, insaciabel e terribel da táboa de multiplicar. Os deputados electos da terra ourensán que tiñan vivido, penado, morto e resuscitado, érguense en pé sobor do mapa político para salvar a Hespaña. Porque a Historia volta. E volta porque é sempre a mesma.

SOLOVIO

A ALCALDIA DE VIGO

Proposta de Gómez Román

Como saberán xa os nosos lectores, os partidos do Frente Popular de Vigo acordaron presentar a candidatura do noso irmán o Segretario Xeral do Partido Galeguista, Manuel Gómez Román, para Alcalde popular de Vigo por elección directa.

A designación foi acollida por toda a opinión viguesa con satisfacción absoluta que se manifestou xa no cumprimento dos dous primeiros trámites a cumprir. A proposta, con maior cantidade de firmas das necesarias e a antevotación superior ao número exixido pol-a Lei.

Gómez Román será Alcalde de Vigo por vontade unánime dos electores d-aquela cibdade.

Temos que recoller o feito coa ledicia que é fácil supoñer. A designación de Gómez Román ademais de ser para él unha elocuente demostración de simpatía e confianza de que goza por parte da opinión viguesa é para nós un orgullo do que nos temos que sentir lóxicamente lediciosos.

O primeiro caso que se produce en Galicia de unha elección directa de Alcalde e ademais de unha cibdade da categoría de Vigo, ven a recaer n-un home do noso Partido que ocupa dentro d-él a autoridade máxima.

Nós sabemos tamén que Vigo pode felicitar-se da designación. A modestia do noso respetable e querido irmán, non nos pode impedir que, pol-a nosa conta, felicitemos ao pobo vigués pol-o acerto que tivo na elección.

O Municipio, escola de esperencias e sistema práctico de administración local

Ollando as eleccións próximas de Concelleiros, non estará de máis opinar encol da forma en que estas se deberan facer. A forma que, por primitiva, por ser a característica principal municipalista, orixe do municipio, debiera ser «amén a que agora, en tempos que se dominan de liberdade cidadán, se impuxera para elexir os encarregados de administrar os intreses comúns das vilas.

O movemento municipalista, xurdiu en pleno feudalismo, coma un movemento emancipador, evolucionista e revolucionario. Os Concellos elexíanse na praza pública, ante todol-os veciños, que se xuraban apoio mútuo, constituían milicias armadas, e reclamaban do señor feudal determinadas liberdades, que se lles negaba, espoñíase a ser atacado pol-o pobo enteiro. Aqueles municipios, aqueles Concellos, era unha representación xenuína do pobo. Hoxe non é así. O Municipio trocouse co tempo, en representación oficial duns partidos ou duns gobernantes. Máis non do pobo. E con ista situación vergoñenta hai que rematar.

Firme partidario do Municipio libre, considerei sempre, que os encarregados de administrar os béns comúns do pobo, ademais de homes honrados e capacitados, deben ser unha representación neta da vontade popular. Dende logo que hai quen amosta moito intés en demostrarnos o contrario, e a imposibilidade de lograr tal ouxeto. Máis todo podería ter unha solución fácil. I-esta solución pode consistir n-unha antevotación de candidatas—sen candidaturas determinadas compostas e amañadas con anterioridade pol-os partidos—nos seus respectivos distritos. O resultado d-esta antevotación—a que é de supoñer que non asistiran as dereitas, por reservárese deica o fin—realizada coa máis ampria liberdade de cidadán, sin coacións moraes nen materiaes pra os votantes, determinaría unha candidatura popular de esquerdas que podería ser enfrontada á de dereitas, i-en moi-

tos distritos ir ao copo. Claro está que, as organizacións, sempre poden ter unha consiña. Isto en canto a elección.


No referente á calidade dos elexidos ou elexidas—xa que as mulleres demostráronnos estar tan capacitadas coma os homes—habería que diseñar a aqueles que teñen condicións preferentes pra figurar representando dinamente a unha municipalidade, a unha vila. Escoller o millor do millor. Facer unha selección de homes e de mulleres capacitados pra rexentaren e administrar os intreses do pobo.

Os traballadores deben actuar n-esta loita. Se temos en conta que o Municipio no mañán quere que sexa un órgano de coordinación ante os sindicatos que efectúan a produción e os sindicatos que a distribúen, órgano controlador e administrador da localidade ou da aldea, independente por tanto de toda dirección central e centralista, débese aproveitar agora a circunstancia, tomando posicións, encomenzar reformas e transformacións precisas e indemorables. O Municipio hoxe ofrécenos un vasto campo de estudo, do que poden recollérase ensinanzas, moi proveitosas para o futuro. E sobor todo cando Galicia está en visperas de abranguer a súa autonomía, as súas liberdades, é utilísimo coñocer as persoalidades que gozan de maior popularidade, homes de prestixio, homes que poseien as maiores cualidades de gobernantes e capacidade administrativa pra levalas ao Parlamento galego, se n-ademirar candidaturas impostas pol-os partidos que ollan a política dende o seu punto de vista partidista, e moitas veces propoñen candidatos designados pol-a vértola d-un xefe ou d-un Comité, que atende máis as súas amistades ou simpatías persoas que aos intreses xeneraes do pobo, que é en realidade o que debe saír beneficiado na elección municipal, afirmando o principio e o orixe histórico e a necesidade material dos Concellos libres.

FAUSTO BRAND.

A retirada, inxustificada, das dereitas é unha manobra contra o Frente Popular.

Os partidos que teñen a responsabilidade do momento deben meditar fondamente na necesidade de manter a unión e actuar sereamente pensando no afincamento definitivo da República.



Despois das eleccións, no intre oportuno, virá o plebiscito do noso Estatuto.

Aos Concellos galegos deben ir representantes dos partidos que leven o compromiso de apoiar o plebiscito e defender o seu trunfo.